



BORRADOR DO GUIÓN MARCO #2 CÓDIGO ÉTICO

13 DE XANEIRO DE 2015

1. INTRODUCCIÓN

Temos un desexo común, e ese desexo común ten moitas caras e moitos nomes. Dous deses nomes son transparencia e responsabilidade.

Queremos escoller as persoas que nos van representar, e tamén queremos escoller o xeito en que o van facer.

A Marea Atlántica debe armarse dun Código Ético de xeito de que as persoas encargadas de exercer a representación se axusten a unha serie de parámetros que consideramos totalmente imprescindíbeis para unha democracia real, en coherencia cos principios básicos da Marea Atlántica.

Un Código Ético que guíe o comportamento dos cargos electos da Marea Atlántica, orientando a súa actividade tanto dentro como fóra das institucións, e que force o resto de representantes a acoplarse a el como medio para a construción dunha mellor democracia.

Un Código Ético que debe ser elaborado e refrendado polas persoas que forman parte da Marea Atlántica e que sitúe a esta como exemplo de responsabilidade e transparencia no exercicio público.

2. CRITERIOS

- Responsabilidade
- Transparencia
- Renovación
- Obediencia
- Non acumulación de cargos
- Publicidade
- Accesibilidade para a cidadanía e para os medios de comunicación
- Rendición de contas
- Non discriminación

3. PREGUNTAS

* As preguntas con asterisco son de obrigada resposta

1. Renovación

- a. En cantos mandatos se pode optar a ser representante da Marea Atlántica?*
- b. Alternas ou consecutivas?
- c. Este criterio é variábel en función de se se acadan ou non cotas de goberno?

2. Transparencia

- a. Que datos deben facer públicos os cargos electos da Marea Atlántica?
- b. Só as declaracións de patrimonio?
- c. Deben ser públicos os salarios e as dietas?
- d. Con que periodicidade deben publicarse estes datos?

3. Responsabilidade

- a. Debe ser limitado o salario dos e das representantes? E do seu equipo técnico? Como se limitarían estas retribucións?*
- b. A que retribucións propias do cargo, pero non vinculadas directamente ao seu salario, debería renunciar o Grupo Municipal da Marea Atlántica?
- c. Deben responder os cargos electos a outros criterios de responsabilidade aparte dos económicos (sociais, formativos, de conduta...)?*

4. Compatibilidades

- a. Debería estar prohibida a compatibilización da acta con outro cargo na Administración pública?
- b. Con que profesións sería incompatíbel a dedicación exclusiva?
- c. Son compatíbeis os cargos de representación da Marea Atlántica con cargos orgánicos na propia Marea ou noutras forzas políticas ou sociais?
- d. De que xeito deberían controlarse as denominadas "portas xiratorias", isto é, o uso dos cargos públicos como trampolín profesional no sector privado?

5. Mandato

- a. Que causas non xustificarían a renuncia á acta de representante?
- b. Que causas xustificarían que a Marea Atlántica instase a algún ou algunha das súas representantes a abandonar o cargo (imputacións, condenas, comportamentos sexistas ou discriminatorios por razóns raciais, relixiosas, de orientación sexual, etc...)?